



mentos e xustificacións que estimen pertinentes nas oficinas do concello, co obxecto de acreditar a súa residencia no municipio e manifestar a súa conformidade ou non a proposta de baixa.

Unha vez transcurrido o dito prazo sen que se presentase ningunha alegación e, tras os trámites oportunos, por parte deste concello solicitarase o correspondente informe ao Consello de Empadramento para realizar as ditas baixas, todo isto de conformidade eco disposto no apartado c) da Resolución do 1 de abril de 1997, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia (BOE n.º 87, do 11 de abril de 1997).

Relación de notificados:

Armando Fernandes Da Costa, con TR Y-02091055-R

Carlos Helder Dias Rei, con TR X -02961911-V

Lobeira, 18 de febreiro de 2014. O alcalde.

Anuncio

Propuesta de baja por inclusión indebida en el padrón municipal de habitantes

Al no ser posible practicar la notificación personal a las personas que más adelante se relacionan, aunque se intentó en el último domicilio conocido, se procede a efectuar la citada notificación en el tablón de anuncios de este ayuntamiento y en el BOP de Ourense, conforme a lo dispuesto en el artículo 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Común, modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero.

Los interesados podrán, en el plazo de diez días contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio, presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes en las oficinas municipales y manifestar su conformidad o no a la propuesta de baja.

Una vez transcurrido dicho plazo sin que se presentase ninguna alegación y, después de los trámites oportunos, por parte de este ayuntamiento, se solicitará el correspondiente informe al Consejo de Empadronamiento para realizar dichas bajas, todo esto de conformidad con lo dispuesto en el apartado c) de la Resolución de 1 de abril de 1997, de la Subsecretaría del Ministerio de la Presidencia (BOE n.º 87, de 11 de abril de 1997).

Relación de notificados:

Armando Fernandes Da Costa, con TR Y-02091055-R

Carlos Helder Dias Rei, con TR X-02961911-V

Lobeira, 18 de febreiro de 2014. El alcalde.

R. 618

Lobios

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non achegaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo Plenario inicial aprobatorio da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Proxecto de Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades outorgadas polo artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Lobios establece a taxa

pola prestación do servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros, á que se refire o artigo 20.4 k) do referido Real decreto legislativo e que se regulará por esta ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible e obriga de contribuir

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos seguintes, que son de recepción obrigatoria.

a. A asistencia prestada en caso de incendios e alarma destes, rescate, salvamento, prevención de ruínas, afundimentos, derrubas, inundacións e outros sinistros análogos, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do dito servizo redunde no beneficio do suxeito pasivo.

b. A presenza do persoal e materiais do servizo en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.

c. Calquera outros servizos de recepción obrigatoria que foran prestados polo concello nesta materia.

d. A realización de actuacións propias e exclusivas do servizo, que aínda non sendo de recepción obrigatoria, fosen requiridas polos interesados.

Non están suxeitos esta taxa os servizos seguintes:

a. Os realizados no termo municipal de Lobios, a instancias de xuíces, forzas de seguridade, e outras autoridades, no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou á seguridade xeral.

b. Os prestados na prevención xeral de incendios; os servizos de prevención xeral realizados a instancia do propio concello; nin os servizos que se presten en beneficio xeral da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

c. As saídas dos medios sempre que non cheguen a empregarse, sempre e cando non fosen requiridos polo suxeito pasivo.

A obriga de contribuir nacerá e producirase a devindicación da taxa no momento en que saia da base de operacións a dotación correspondente para levar a cabo o seu cometido.

Artigo 3º. Obrigados tributario

1. Quedarán obrigados ao pago de maneira solidaria os beneficiarios do servizo entendéndose como tales as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan usuarios dos bens sinistrados obxecto de prestación do servizo. Entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios e posuidores por calquera título, dos bens obxecto da actuación. Nos servizos de salvamento, quen o solicitase ou en quen redunde o interese da prestación realizada.

2. Terá a consideración de substituto do obrigado tributario, no caso de prestación do servizo de prevención ou intervención en xeral da protección das persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais

1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios da RISGA e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como os que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).

2. A asistencia prestada nos casos previstos nesta ordenanza, en inmobles do termo municipal de Lobios, sempre que o contribuínte resulte obrigado ao pago e acredite que o ben sinis-

trado se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais co concello na data do sinistro. A concesión de exención deberá ser solicitada polo interesado, que acompañará a esta o último recibo do imposto sobre bens inmobles e se se tratara de establecemento mercantil, industrial ou profesional, será presentada ademais, a licenza municipal de apertura ou, se é o caso, a comunicación previa a declaración responsable de inicio da actividade e último recibo sobre o imposto de actividades económicas e conceptos incluídos no padrón municipal de actividades (lixo, industriais, vaos e outros.)

3. Os de colaboración por acordos en virtude de convenios con todos os corpos, órganos e entes de todas as administracións públicas ou entidades privadas; sempre que sexan debidos á falta de medios adecuados para a prestación destes.

Non procederá, en ningún caso, a exención cando o suxeito pasivo estivese amparado por un seguro que cubra os gastos derivados da intervención do servizo do GES do Concello de Lobios.

Artigo 5º. Base de gravame

A base do gravame estará constituída polo persoal que preste o servizo, calculándose o tempo invertido na súa realización, así como o material empregado. Non se computarán ao efectuar a liquidación os vehículos que, aínda asistindo ao servizo non fosen posteriormente empregados, agás vehículos en servizos preventivos.

O tempo de servizo computarase a efectos de liquidación, dende a saída da base de operacións ata a finalización do servizo.

Artigo 6º. Cota tributaria

Concepto; importe

Saída, tarifa fixa; 100,00 tarifa fixa

Quilometraxe; importe

Km contabilizado ida e volta; 1,00 por km

Vehículos; importe

BUL Bomba urbana lixeira; 50,00 por hora ou fracción

BRP Bomba rural pesada; 65,00 por hora ou fracción

VF Vehículo forestal sen bomba; 45,00 por hora ou fracción

AMB Ambulancia; 50,00 por hora ou fracción

VMC Vehículo de mando e control; 45,00 por hora ou fracción

Esparexedor de sal; 10,00 por hora ou fracción

Zodiac (transporte do equipo); 30,00 por hora ou fracción

Zodiac (servizo); 35,00 por hora ou fracción

Persoal; importe

AIE Axente de intervención en emerxencias/peón especialista do GES; 25,00 por hora ou fracción

AIE-JE Xefe de equipo; 35,00 por hora ou fracción

AIE-JS Xefe de servizo; 45,00 por hora ou fracción

Equipos; importe

ERA Equipo de respiración autónoma; 24,00 por unidade

Xerador de espuma; 25,00 por hora ou fracción

Xerador eléctrico; 40,00 por hora ou fracción

Bomba de achique; 30,00 por hora ou fracción

Equipo rescate altura/subsolo; 35,00 por hora ou fracción

Equipo de excarceración; 80,00 por hora ou fracción

Traxes secos; 50,00 por hora ou fracción

Coxíns pneumáticos; 40,00 por hora ou fracción

Material; importe

Extintores; 55,00 por unidade

Mangueras e accesorios; 10,00 por tramos

Recarga ERA; 16,00 por unidade

Espumóxeno; 10,00 por litro

Absorbente; 15,00 por kg

Dispersante; 8,00 por litro

Motoserra; 30,00 por hora ou fracción

Radial; 30,00 por hora ou fracción

Trade; 15,00 por hora ou fracción

Taboleiro espiña; 10,00 por unidade

Padiola de palas; 10,00 por unidade

Ferno kit; 10,00 por unidade

Colchón de baleiro; 20,00 por unidade

Padiola niño; 20,00 por unidade

Servizos de emerxencia fóra do Concello de Lobios.

Os servizos efectuados fóra do termo municipal de Lobios con motivo dun sinistro sufrirán unha recarga do 40% sobre a tarifa resultante.

Os servizos preventivos solicitados fóra do termo municipal de Lobios sen que sexa necesaria a presenza do servizo, sufrirán unha recarga do 20% sobre a tarifa resultante.

Incidentes con materias perigosas.

Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables, recarregase a tarifa resultante nun 100%.

Artigo 7º. Liquidación e ingreso

De conformidade cos datos que certifique o servizo do GES do Concello de Lobios, os servizos tributarios practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 8º. Infraccións e sancións tributarias

No referente á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que correspondan en cada caso, rexerá o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposicións derradeiras

Primeira. Esta ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

No non previsto especificamente nesta ordenanza, rexerán as disposicións que, se é o caso, se ditén para a súa aplicación.

Segunda. Expoñer no taboleiro de anuncios do concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, se é o caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza, será publicado no BOP de Ourense para os efectos da súa entrada en vigor ao día seguinte.

Terceiro. Expoñer o expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense polo prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e achegar as reclamacións que consideren oportunas.

Cuarto. Considerar definitivamente aprobado este acordo para o caso de que durante o prazo de exposición ao público non se formulasen alegacións, sen necesidade dun novo acordo do Pleno».

Contra este acordo, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lobios, 18 de febreiro de 2014. A alcaldesa.

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.